



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Expediente: 2024000034301

Referencia: PEL-REDE COWORKING

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCÍONS CORRESPONDENTES AO PEL - REDE COWORKING CONCELLOS E ENTIDADES (PEL-REDE COWORKING)

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vistos o informe do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica e o informe do Servizo de Fiscalización.

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante Resolución de Presidencia, número 48528 de 21 de novembro de 2024, publicada no BOP número 228 do 26 de novembro de 2024, aprobáronse as bases reguladoras das Axudas ao PEL - Rede Coworking Concellos e Entidades (PEL-REDE COWORKING 2025).

Segundo.- A convocatoria foi publicada no BOP nº 233 do 3 de decembro de 2024 e o prazo de presentación de solicitudes rematou o 16 de xaneiro de 2025 ás 14:00 horas. A totalidade das solicitudes propostas para concesión referidas neste informe foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria e cumpren cos requisitos establecidos nela.

Terceiro.- Non se fixa unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnen os requisitos establecidos xa que o crédito consignado na convocatoria é suficiente para atender ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación, segundo o artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a base 9. Procedemento de concesión e aprobación das bases reguladoras do PEL - Rede Coworking Concellos e Entidades.

Cuarto.- A totalidade das solicitudes propostas para concesión con cargo a esta convocatoria considéranse correctas e axustadas aos termos e requisitos das bases do programa e as cantidades a asignar tamén se corresponden cos criterios de asignación das bases.

Quinto.- Nas partidas orzamentarias 0520/24100/46201 e 0520/24100/481 do Orzamento Xeral desta Deputación para o exercicio 2025 existe consignación orzamentaria para facer fronte á concesión das subvencións propostas. Vistos o informe do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

1º.- Aprobar a concesión das subvencións ás entidades que se relacionan no Anexo 1, polos importes que se indican.

2º.- Denegar a concesión das subvencións ás entidades que figuran no Anexo 2, polos motivos que se indican.

3º.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias: 0520/24100/46201, fase A, referencia 22025000267, importe 204.000,00 €; e 0520/24100/481, fase A,

referencia 22025000268, importe 51.000,00 €.

4º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO 1 - Concedidas

Solicitudes	Importe subvención	Cantidade a xustificar
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS SEARA NIF: G15839491 Expediente: 2025000001762 Obxecto: ASISTENCIA TÉCNICA E ORGANIZACIÓN DE EVENTOS PARA DAR A COÑECER O GREEN COWORKING	10.682,61	21.365,23
Beneficiario: CAMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA SERVICIOS Y NAVEGACION DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NIF: Q1573004G Expediente: 2025000002251 Obxecto: DINAMIZACIÓN E XESTION DO COWORKING DIXITAL CCOMPOSTELA	15.784,70	31.569,40
Beneficiario: CONCELLO DA CAPELA NIF: P1501800E Expediente: 2025000000615 Obxecto: XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COWORKING DO CONCELLO DA CAPELA DURANTE O ANO 2025	17.894,08	35.788,17
Beneficiario: CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL NIF: P1506800J Expediente: 2024000050793 Obxecto: PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COLABORATIVO COWORKING POBRA 2025	26.953,00	53.906,00
Beneficiario: CONCELLO DE AMES NIF: P1500200I Expediente: 2025000002227 Obxecto: DINAMIZACIÓN E XESTIÓN DOS ESPAZOS DE TRABALLO DA REDE PROVINCIAL DE COWORKING (PEL-REDE COWORKING/2025)	21.043,95	42.087,90
Beneficiario: CONCELLO DE BOIRO NIF: P1501100J Expediente: 2025000002121 Obxecto: Accións de coordinación e dinamización do espazo coworking Lab Barbanza de Boiro	26.922,50	53.845,00

Beneficiario: CONCELLO DE BRION NIF: P1501300F Expediente: 2025000001134 Obxecto: Realización de actividades de xestión e dinamización do espazo de coworking adherido á rede provincial de espazos colaborativos	21.250,00	42.500,00
Beneficiario: CONCELLO DE MIÑO NIF: P1504900J Expediente: 2025000002031 Obxecto: COWORKING CASA DO PESCADOR MIÑO	4.058,54	8.117,08
Beneficiario: CONCELLO DE MOECHE NIF: P1505000H Expediente: 2025000002101 Obxecto: XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO DE COWORKING ADHERIDO Á REDE PROVINCIAL : A FUSQUENLLA 2025	11.581,70	23.163,40
Beneficiario: CONCELLO DE VEDRA NIF: P1509000D Expediente: 2025000001215 Obxecto: MANTEMENTO CENTRO COWORKING "A ESTACION" 2025	13.000,00	26.000,00

Número de solicitudes concedidas: 10
Total concedido: 169.171,08 €

ANEXO 2 – Denegadas

Solicitudes	Motivo
-------------	--------

Número de solicitudes descartadas: 0